

Cando aínda era unha nena, a Cristina Domínguez, actual directora do Centro Dramático Galego (CDG), gustáballe enredar no campo cos seus amigos e xa desde moi nova demostrou as súas dotes interpretativas.

—¿Cando nace a súa afección polo teatro?

—Pois a verdade é que non o lembro, será porque a teño de sempre. Eu recordo que sempre me gustou o teatro. Xa no colexio e na parroquia me gustaba participar nas obras e, cando cheguei ó instituto, as artes escénicas fóronme gustando cada vez máis. Tampouco teño ningún antecedente na familia. Á miña familia gústalle moito calquera actividade artística, pero eu son a única que me dediquei ás artes escénicas.

—¿Cando decidiu dedicarse ó teatro de xeito profesional?

—Cando estaba no instituto, para min o teatro era un medio que me permitía expresarme con seguridade e que me facía sentir ben. Foi entón cando decidín estudar teatro.

—¿Como tomou a súa familia esta decisión?

—Pois tomouna con algo de preocupación, pero a verdade é que sempre contei co seu apoio. Non tomei a decisión de dedicarme ó teatro sen máis, senón que, previamente, pasei por unhas probas. Meus pais e as amigas de toda a vida apoiaron a miña decisión e vírono como unha profesión máis.

—¿Que balance fai da súa experiencia ata o de agora como directora do Centro Dramático Galego?

—Ata o de agora é unha experiencia moi pequena, porque levo só uns meses, pero penso que é un privilexio poder ser partícipe do cambio das estruturas do país. Estou moi contenta de estar, de achegar todo o que eu poida coñecer e a miña experiencia.

—¿Que proxectos ten para a próxima temporada á fronte do CDG?

—Abriremos a temporada coa obra *O regreso deserto*, e logo estase a preparar un espectáculo infantil que dirixirá o grupo *Artello*. Tamén temos un autor residente no teatro, Cándido Pazó, que vai escribir unha peza que el mesmo dirixirá no mes de abril no CDG.

—Ademais está a crear o Centro de Creación Dramática Contemporánea.

—Si, é un proxecto que me fai moita ilusión. Este ano comezará cuns talleres

Cristina Domínguez (Salcedo, 1965) ocupa dende hai uns meses a dirección do Centro Dramático Galego. No seu currículo figuran doce anos levando as rendas de 'Factoría teatro', o seu labor docente na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo e varios premios como directora.

CRISTINA DOMÍNGUEZ, directora do CDG

“Teño afección polo teatro de sempre”

ARACELI SILVA



DAVID FREIRE

Domínguez foi fundadora e directora da compañía 'Factoría teatro'

dos que axiña informaremos. Trátase duns talleres de escrita dramática e que estarán dirixidos polo noso autor residente, Cándido Pazó, e logo virán un autor valenciano cunha traxectoria moi boa, Paco Sastros, e Abel Neves, un autor portugués moi recoñecido. O que intentaremos é que a xente que participe nestes talleres acabe escribindo as súas propias pezas e dalas a coñecer.

—‘O regreso deserto’, a obra coa que estreará a temporada, era unha peza coa que lle apetecía moito traballar...

—A verdade é que non tiña moi claro se ía estrear a temporada cunha obra miña ou non, pero é algo moi habitual nos teatros nacionais que o seu director artístico faga unha proposta de comezo. Creo que *O regreso deserto* di cousas moi interesantes para o momento que vivimos. Desde un centro dramático ten que haber unha reflexión sobre o que está pasando hoxe en día.

—¿A que cousas se refire?

—Ademais de falar moito da familia, hai unha reflexión moi importante sobre o que vén de fóra, sobre a persoa que vive nun país onde non naceu, os problemas que ten para chegar... Chega un momento en que non sabe de onde é, se é do país onde traballa, de onde naceu... Creo que é un tema moi actual.

—¿O público infantil é un dos obxectivos da programación do CDG?

—Claro, que este ano o grupo *Artello* abra cunha peza que xa foi un gran éxito hai moitos anos, *Tralará chis pum*, non é unha casualidade e non se producirá unicamente este ano. Creo que o público infantil hai que coidalo, porque é o público do futuro e apostaremos todos os anos por unha peza infantil.

—Vostede foi a fundadora e directora da compañía 'Factoría teatro'. ¿Como lembra esta etapa?

—É unha etapa que aínda está moi presente, porque acaba de rematar hai só uns meses. Foron moitos anos de ilusión, de compromiso, de traballo...

—¿Resultoulle complicado deixar a dirección da compañía?

—Si, é difícil deixar a túa vida, as túas cousas e as túas ocupacións para dedicarte en exclusiva a unha nova. Neste traballo hai parte de xestión, parte de dirección artística... Eu estaba moi acostumada a xestionar unha compañía pequena, pero isto é moi diferente. Sempre se bota en falta o que deixaches.

—¿Cre que hai talento no teatro galego?

—Moito talento e moitas ganas de facer cousas. O gran hándicap é que custa chegar ó público, pero non creo que sexa un problema exclusivo do teatro. Creo que temos moitos profesionais que xa están moi consolidados e outros novos con moito talento. A nivel institucional, creo que o que falta é que o apoio ó teatro se faga efectivo.

—¿Hai afección polo teatro en Galicia?

—Penso que si, pero ás veces é difícil sacar a xente os xoves, venres, sábados... da súa casa. Pero cando o público ve espectáculos interesantes, esperta o seu cariño e afección polo teatro.

—¿Como cre que se podería mellorar?

—Creo que a afección aumentaría cun bo apoio por parte das institucións e cun traballo cada vez máis efectivo por parte dos profesionais.

—¿Cambiou moito a súa axenda desde que é directora do CDG?

—Si, agora estou un pouco máis ocupada, pero non tiven que renunciar a moitas cousas. Ó mellor hai tempo que xa o levo facendo por dedicarme ó que me dedico.

—¿Onde lle gusta máis estar, enriba ou detrás do escenario?

—Detrás. Gústame

“Agora estou máis ocupada”



artellar un espectáculo, penso que é algo ben lindo. Fascíneme o traballo dos actores, pero a concepción global do espectáculo é algo que me atrae máis.

—Actualmente a súa axenda está ó cen por cen. ¿A que dedica o pouco tempo que lle queda libre?

—No verán intento compartir o tempo de lecer coa familia e cos amigos. Gústame facer o que fai todo o mundo, ir ó río, á praia, descansar, ler... Non teño grandes afeccións.

—As viaxes son

unha constante na súa profesión. ¿Dos lugares que ten visitado con cal se quedaría?

—Creo que as viaxes que máis gozas son as que fas por pracer, porque lle prestas máis atención ós lugares. Pero hai un sitio ó que vou de vez en cando, ó que viaxo para traballar a voz. Está no sur de Francia e xeralmente vou alí para recibir cursos. Trátase dunha zona de montaña cunha paisaxe marabillosa. Alí traballo a voz, algo que me interesa moito, descanso, báñome nos ríos, penso... É un dos lugares ós que máis cariño lle teño.

—Polo de agora non ten unha familia propia. ¿Plantéxase formala?

—Non é un tema que me preocupe porque, polo de agora, estou moi cómoda.